



GALERÍA MULLERES FAVORITAS DE BARRO

I certame fotográfico 8M

1.- OBXECTO

O Concello de Barro a través da Concelleira de Igualdade, Benestar, Ensino e Muller convoca as Bases do I Certame fotográfico do 8M.

2.- PARTICIPANTES

Poderá participar no Certame calquera persoa interesada, coa única condición que a muller que sae na foto sexa de Barro.

Para participar deben enviar unha foto no formato de maior calidade posible e un texto de máximo 120 caracteres explicando o motivo polo que elixen a esa muller como a súa favorita.

A cada participante enviaráselle un documento para aceptar a protección de datos.



3.- TEMÁTICA

O obxectivo deste Certame é poñer en valor ás mulleres e en especial a que para cada persoa, é a súa muller favorita de Barro. As fotos serán expostas o oito de marzo no Pazo da Crega, nunha exposición que ao remate do acto lle serán devoltas á persoa que as enviou para que lle queden de recordo,

4- PRESENTACIÓN.

A forma de presentar a túa proposta é a través do correo electrónico oficinas@barro.es , enviando a túa foto e o motivo polo que é a túa muller favorita de Barro.

O prazo de presentación remata o cinco de marzo de 2025 ás 12 horas.

Para identificar as obras debes indicar os teus datos: nome completo e remitiremos un correo para que nos remitas un arquivo cuberto para autorizar a protección de datos e imaxes.

5.- AGASALLOS

O agasallo a entregar será a propia foto da túa muller favorita de Barro impresa e reflectindo tamén o motivo.

6- DIFUSIÓN DAS FOTOS PRESENTADAS.

As fotos serán expostas na GALERÍA DE MULLERES FAVORITAS DE BARRO o 8 de Marzo DE 2025, nunha Festa do DIA DA MULLER TRABALLADORA, tamén poderán ser publicadas nas redes sociais do Concello ou medios de comunicación que asistan ao evento.

7- ACEPTACIÓN

A participación no certame implica o coñecemento e **aceptación** das normas indicadas nestas bases e a Lei de protección de datos.

8. DATOS PERSOAIS

Deber de Informar aos Interesados sobre a Protección de Datos.

Información básica sobre a protección de datos

- Responsable: **Concello de Barro**
- Finalidade: **Tramitar procedementos e actuacións administrativas.**
- Lexitimación: **Cumprimento dunha misión realizada no interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta entidade.**



- Destinatarios/as: **Os datos poderán ser cedidos, se é o caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.**
- Dereitos: **Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, segundo se explica na información adicional.**
- Información adicional: **Pode consultar a información detallada sobre Protección de Datos na seguinte ligazón:**
<https://barro.sedelectronica.gal/privacy>.

Facendo constar que as presentes bases e convocatoria foron aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 26 de febreiro de 2025.

O ALCALDE

Xosé Manuel Fernández Abraldes
(Documento asinado electronicamente)

